

Xurxo Souto: “Cando comecei a falar galego sentín que era eu, que estaba no meu sitio”

31 Xaneiro de 2022

<https://neofalantes.gal/xurxo-souto-cando-comecei-a-falar-galego-sentin-que-era-eu-que-estaba-no-meu-sitio/>

“Se na casa a lingua era o galego e a maior parte poboación que nos circundaba falaba galego, por que estabamos optando por outra lingua que non era a natural?”. Esta pregunta que o músico e escritor Xurxo Souto se fixo a si mesmo alá por primeiro de BUP foi o xerme dunha conversión lingüística que o fixo “realizarse plenamente como persoa”: para el, o neofalantismo significou un “proceso de restitución lóxica, alcanzar a normalidade absoluta”. Falamos con el sobre esa toma de conciencia, os anos do bravú e a escena musical galega actual.

Que se falaba na túa casa de cativo? Que che falaban?

Eu son da Coruña. Cando eu era rapaz hai 40 anos, estabamos nun contexto totalmente galegofalante, pero en cambio a nós, aos cativos, falábasenos en castelán. Era o que se consideraba normal nunha cidade, porque o castelán era a lingua da vida pública, das relacións sociais, do ensino. Era a lingua de uso social. Pero é importante dicir que ese uso social non era neutro. Xurdía no contexto dunha determinada situación política. Viñamos da ditadura! E en realidade o que era extraño era que faláramos castelán. Pero disto decátaste cando tomas conciencia.

E cando aconteceu iso? Cando cuestionaches a túa realidade lingüística?

Recordo que en primeiro de BUP apareceu un profesor de galego, Carlos Paulo Martínez Pereiro, que nos explicou a situación do galego. Quedamos todos fascinados!, e na clase, de 40, dous rapaces e unha rapaza decidimos comezar a falar sempre en galego. Ter o idioma prestixiado no ensino foi o paso definitivo. Estudabamos galego en clave de excelencia. Entón entendimos que a situación que estabamos vivindo era totalmente anormal. Se na casa a lingua era o galego, a maior parte poboación que nos circundaba falaba galego, por que estabamos optando por outra lingua que non era a natural? O castelán era unha imposición dun determinado contexto político. Comezamos a falar galego e desde aquela, ata hoxe!

O contexto era amable para emprender este cambio de lingua?

Era un momento moi propicio para facer esa reflexión. No instituto aparecen por primeira vez os profesores de galego e iso faíste reflexionar. Morrera Franco, e nesa democracia que estaba comezando, con todos os matices, todo o mundo fixo unha valoración de como fora a súa

educación e de como o galego estaba sendo marxinado. Cando digo todo o mundo, digo ata a xente da dereita, de Alianza Popular. Había unha conciencia de que o normal, con esforzo colectivo, era que o galego se convertese nunha lingua de uso social pleno. Había vocación de transformación. E teño que dicir que o tránsito, neste contexto positivo, foi moi sinxelo. Foi un momento moi lindo, moi fermoso. A ninguén lle chamaba a atención e converteuse en algo totalmente natural. Na miña casa tamén existía certa tradición galeguista, o meu avó colleccionaba daquela a enciclopedia galega e gustáballe moito a historia. E meu pai tamén tiña moitas lecturas galegas.

E que significou para ti falar galego logo de empregar o castelán durante toda a túa infancia?

Para min significou acadar unha normalidade absoluta. Dar o paso cara ao galego foi un proceso de restitución lóxico, fun dono do mundo e tiña un mundo que compartir. Entón entendín quen era, e entendín que a miña lingua non era o castelán. O castelán era unha ficción que facían os meus pais para comigo, que inmediatamente pasaban ao galego cando falaban entre eles. Foi unha auténtica revolución persoal a que vivín. Abriume todas as portas. No momento que comecei a falar galego sentínme que era eu, que estaba realizado, que estaba no meu sitio, que deixaba de ser espectador da realidade. Falar galego converteume en protagonista da miña vida. Lembro outro momento simbólico cando fun ao rexistro civil e galeguiceí o meu nome. Unha conquista da realidade!

Despois dunha época sombría na que insistían en que eramos periferia, convertémonos eu e o meu colectivo, os meus amigos, no centro do mundo. Aí comezou o noso activismo cultural, fixemos daquela un grupo de folk. Esa eclosión individual era colectiva na cidade: A Coruña estaba fervendo en cultura galega. Era todo creatividade. Logo chegou outro momento político, a alcaldía de Paco Vázquez, que creou un discurso durísimo: que A Coruña era unha cidade á marxe de Galiza e que só falaba castelán. Dalgún xeito tapouse esta espiral de creatividade. E o peor de todo isto é que esa visión de Paco Vázquez triunfou de forma xeral. Hai moita xente que pensa que na Coruña ninguén fala galego, pero é a cidade con máis falantes en números absolutos! Eu sempre fago unha brincadeira: ninguén fala galego porque conforme vides pasades ao castelán!

Claro! E se ninguén falaba galego, como podía ser entón que nacesen os Diplomáticos de Montealto...

Estabamos modestamente rompendo ese tópico. Igual que a fronteira absoluta entre o rural e o urbano, outro tópico moi interesado. Na cidade todos vimos da aldea, pero en vez de manter ese vencello directo, procurábase romper e dar a imaxe de que non se falaba galego para apoiar as élites locais.

Nalgunha outra conversa tes dito que a través da música coñeciches un país que non che explicaran na escola. Supoño que iso te reafirmou en todo o que vimos falando, non?

Deixamos de ser espectadores dunha realidade que nos condenaba a ser periferia dun sistema ideolóxico, político e cultural para converternos no centro do noso mundo, e dende aí, dialogar con todos os pobos. Como dicía Luís Seoane: “queremos facer feliz ao mundo coa riqueza da nosa diversidade”. Nós cruzamos a Ponte Pasaxe da Coruña e comezamos a coñecer un país maravilhoso, diverso, que non aparecía nos medios, que eran os que nos tiñan que artellar o país. Eramos un grupo cun discurso propio. Daquela había gurús que dicían que o galego non servía para o rock and roll, só para o folk ou para música tradicional, pero chegaron Os Resentidos e racharon con todo isto. E logo chegou outra fornada, os compañeiros do bravú.

Para min, felicidade é levar a túa cultura fóra do país para compartila. Somos pobo de artistas, estamos producindo constantemente novos proxectos cada vez máis variados. E cales son os que trascenden de verdade polo mundo? Os que se fan en galego, e máis aínda, os que fan as mulleres. Soltas a Mercedes Peón en Mongolia e quedan coa boca aberta, porque ofrece un elemento cultural absolutamente diferenciado. Diante da forza do capitalismo, o poder da creatividade. Temos que recuperar a conciencia de que somos un pobo de artistas, e estámolo vendo. Este país está estoupando en música!

E ademais por parte de xente moza, con estilos musicais diversos e moi novos no galego... A escena musical actual pode impulsar o neofalantismo? Dalgún xeito, esta xente nova que presenta o seu proxecto en galego pode servir de referencia para outra.

Definitivamente si. É absolutamente marabilloso. Aí se ve como, diante daqueles tópicos que intentan restrinxir os ámbitos da lingua, o galego medra en todos os xéneros. Hai un discurso paternalista que di que tes que falar galego porque é a túa cultura, pero eu creo que hai que dicir máis que tes que falar galego porque che ofrece os mellores contidos. Todos estes proxectos que fan rap, trap, música electrónica, jazz en galego son extraordinarios, enganchan á xente e lévana cara á lingua. Xa o vimos na nosa xeración co Xabarán Club, por exemplo. *Estou na lavadora, estou na lavadora...* Esas cancións quedaron para sempre con toda unha xeración. E cantábanas porque estaban en galego? Non, cantábanas porque eran boas cancións e porque tiñan o aquel de orixinalidade. Grupos que fagan rock and roll hai 15.000, pero en galego, poucos, e diferéncianse. Os grupos que fan trap en galego están facendo algo radicalmente diferente, son os mellores e ninguén os pode superar. Ese é o camiño!

Un punto en común de moitos destes novos proxectos é que fuxen dunha reivindicación explícita do galego ou de letras políticas no sentido máis estrito da palabra. Normalizan a lingua falando de mil temas diferentes nela. Era importante sacarlle esa carga política?

Este discurso contemporáneo dalgúns grupos é o noso triunfo. Un triunfo absoluto da miña xeración. A nós dicíannos que non se podía facer rock en galego, nós rachamos con iso. E agora vén unha xeración que efectivamente canta en galego porque si, porque quere e lle dá a gana, sen ningún tipo de compromiso ou conciencia política necesaria. É marabilloso. O feito de que se cante en galego con normalidade sen ter que dar ningunha explicación de por que cantas en galego, sen utilizar o galego como unha forma de reivindicación, é un triunfo absoluto para a cultura e para a sociedade. Ese é o camiño, e que lle dean duro! Oxalá reciban máis promoción e que se comparta. A idea está clara: somos unha lingua e creamos cultura marabillosa.

Xurxo, algo máis que che gustaría engadir para rematar?

Quixera dicir que así como eu vivín un momento marabilloso para a lingua, de conciencia colectiva da sociedade, este é un momento difícil. Agora dinlle ás miñas fillas que o galego non vale para as matemáticas. E quen llelo di? Directamente a Xunta de Galiza. As linguas minorizadas avanza co impulso da sociedade e da administración, que non está facendo o seu traballo. E cómpre recordar iso: o galego ten un status de lingua b por parte da propia administración. Nunca se atopou nun status peor. É gravísimo e hai que protestar todos os días. Existe outro elemento complicado que é a preguiza social, na que se apoia o PP. Así como nós estabamos excitados e precisabamos cambiar a realidade, hoxe dicimos que todo foi sempre así e que non pasa nada. Esa é a política para que o galego se vexa como unha lingua da casa, inzada de castelanismos, e non como unha lingua culta, que para iso xa está o castelán. Isto é o que traslada a TVG.

Diante desas preguizas interesadas, está a opción persoal. E eu, dende a miña modesta experiencia vital, digo que o galego é a felicidade, a forma en que me realicei plenamente como persoa. E, por suposto, convido a todo o mundo a que viva esta felicidade plena!